

SANGUE NOS BEIZOS

Rose Glass, 2024

1271

ESTREA EN NUMAX: 12.04.2024 | V.O.S.E. | 104 min

Lou, a solitaria directora dun ximnasio, namora perdidamente de Jackie, unha ambiciosa fisicoculturaista que se dirixe a Las Vegas na busca do seu soño. Pero o seu amor prende a violencia, arrastrándoas profundamente na rede da familia criminal de Lou.

«Kristen Stewart é puro magnetismo. Unha viaxe alucinante polos camiños máis escuros de América»

David Rooney, THE HOLLYWOOD REPORTER



Entrevista con Kristen Stewart: «Quixemos reflectir de maneira honesta como funciona o sexo entre mulleres»

Por Kristen Stewart

Por que decidiches protagonizar *Sangue nos beizos*? Porque conta unha historia de amor lésbico moi distinta a todas as demais, e deixa claro que querer a alguén pode ser algo moi fermoso pero tamén pode empurrarnos a facer cousas horribles e destrutivas. O meu personaxe é unha muller que se sente impotente e insignificante e cando de súpeto coñece a outra muller que é excepcionalmente forte e poderosa, algo nela esperta e agroma, e daquela desátase o caos.

Dirías que, en parte, o filme é unha refutación do soño americano?

Definitivamente, trata de rirse dese concepto ou, cando menos, de poñer o foco no seu lado escuro. A crenza de que para facer realidade calquera obxectivo ou aspiración só cómpre poñer moito empeño é algo moi americano e, aínda que pode resultar moitivadora, é unha idea increíblemente ilusoria.

Sangue nos beizos tamén é unha subversión do tipo de narrativas de empoderamento feminino que se están a converter en fórmula... Desde logo.

Resúltame moi frustrante que a industria cinematográfica alardee de estar a ampliar a súa perspectiva cando, en realidade, a ollada segue controlada polos homes e polo desexo masculino. O desexo feminino segue a ser ninguneado porque segue a dar medo; si, as cousas están a mudar, pero moi de vagar.

Cres que por iso as escenas de sexo do filme causaron tanto impacto? Si, porque en realidade apenas inclúen espidos e son moito menos explícitos que outras moitas escenas de sexo que non escandalizan a ninguén. Creo que o que as fai sorprendentes para moitos é que amosan a dúas mulleres que falan sen ambaxes de orificios e de abrirse de pernas e expresan con palabras o seu desexo. Non tentamos facer ningunha declaración política con elas, só reflectir de maneira honesta e sen a falsidade habitual, como funciona o sexo entre mulleres.

Publicado en Cinemanía nº343, abril de 2024